

**CCOD**

INFORMA

CARREIRA PROFESIONAL

ÁREA IV

DECLARACIÓNS RESPONSABLES

O DOG do 06.08.2021 recolle textualmente como **mérito para a Área IV da Carreira Profesional** (Compromiso e Implicación coa Organización) para distintos **profesionais de Atención Primaria**:

Médico/a de familia, Pediatra e Enfermeiro/a de Atención Primaria:

*Pola dispoñibilidade efectiva na realización de gardas e prolongacións, así como dispoñibilidade para a realización de actividade adicional derivada da dificultade de cobertura por indispoñibilidade de aspirantes nas listaxes de contratación vixentes: **0,20 puntos/mes**.*

Desde **CCOO** lembramos que, tal como recolle a convocatoria da carreira 2026 (DOG 04.08.2026), este mérito se acreditará mediante unha **declaración responsable asinada polo profesional**, que se entregará en RRHH de cada área sanitaria **antes do 30.09.2026**, na que se manifesta a dispoñibilidade efectiva e o periodo de tempo durante o cal se mantivo dita dispoñibilidade.

Por outra banda, **CCOO** solicitalle un ano máis a Comisión de Seguimento da Carreira Profesional formada polo SERGAS, CIG, CSIF, UGT, SATSE e CESM, **que tamén recoñezan este mérito ao persoal de enfermería de Atención Hospitalaria** xa que non o están considerando.

Enfermeiro/a de Atención Hospitalaria:

Pola dispoñibilidade para a realización de actividade adicional derivada da dificultade de cobertura pola indispoñibilidade de aspirantes nas listaxes de contratación vixentes.

Desde **CCOO** **denunciamos a inxustiza e a discriminación** que supón para os profesionais de enfermaría de Atención Hospitalaria que este mérito non lles sexa puntuado do mesmo xeito que aos seus compañeiros/as de Atención Primaria, xa que **unha mesma dispoñibilidade debe implicar o mesmo recoñecemento na Carreira Profesional**.

Se queredes reclamalo ou tedes algunha dúbida, pasade polos nosos locais sindicais de **CCOO**. **Temos á vosa disposición modelos de declaración responsable** preparados.

14 de agosto do 2026

<<< CONSULTA COA TÚA DELEGADA SINDICAL DE CCOO >>>